



B

**D. JOSÉ LUIS OUJO POUSO
ALCALDE DO CONCELLO DE
PORTO DO SON
FAI SABER:**

A

A Consellería de Política Social e Xuventude, a través da Dirección Xeral de Maiores e Atención Sociosanitaria, organiza o programa de **Xuntos polo Nadal**, para a promoción do envellecemento activo e convivencia, destinado ás persoas maiores que se atopen soas nestas datas, xa sexa por carencia de familiares ou amizades, perda do/a cónxuxe ou por outras circunstancias.

Este programa, consiste en pasar as datas de Nadal na Residencia de Tempo Libre de Carballino (Ourense), levarase a cabo entre **os días 23 e 30 de decembro de 2022 ou entre o 31 de decembro do 2021 e o 7 de xaneiro do 2023** e comprende os seguintes **servizos**:

N

- Estancia na residencia durante 8 días (7 noites).
- Aloxamento en habitacións compartidas e manutención en réxime de pensión completa.
- Desprazamento en autobús desde os lugares establecidos (Santiago, A Coruña, Ferrol, Pontevedra, Vigo, Lugo ou Ourense) ata a residencia de tempo libre e viceversa.
- Actividades de animación sociocultural.

D

Prezo da praza:

As persoas participantes asistirán de balde ao programa.

Requisitos:

- a) Ter 60 anos, cumpridos no momento en que remate o prazo de presentación de solicitudes.
- b) Estar empadroado/a nalgún concello galego.
- c) Vivir só/a no seu domicilio e ter que pasar só/a as datas do Nadal.
- d) Valerse por si mesma/o e non padecer enfermidade con risco de contaxio nin trastornos mentais ou condutuais non compensados que poidan alterar a convivencia.

O

SOLICITUDES: Ata o 28 de novembro do 2022, no departamento municipal de Servizos sociais: Tfno. 981.86.74.14 e no Teléfono do Maior: 900.333.666.

Porto do Son, 11 de novembro do 2022

O Alcalde

Asdo) José Luis Oujo Pouso

